

## ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOCIAL

### 4 DEPORTES

*" En Deporte, hai que pensar nunha mesma.*

*Se fas ben as cousas, ocuparás o lugar que te mereces." ANA PELETEIRO*



ARASAAC-12

#### Respecto ao fomento do Deporte:

**Colaboración** coas diversas entidades deportivas do concello para elaborar, dentro do consenso, un plan de subvencións rexido polos seguintes criterios:

A importancia do deporte base.

Que se teña en conta a creación de escolas deportivas nas distintas parroquias.

Que se facilite a integración d@s cativ@s con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

A equidade no reparto, baseada nos recursos económicos dos clubs/asociacións e usuarios.

Avaliar a posibilidade da creación dunha **Escola de Deportes Náuticos** que se integre no currículo da E. Física dos diferentes centros educativos.

Colaborar na organización de **Xornadas deportivas interparroquiais**, potenciando os encontros escolares.

Mellorar a elaboración do mapa de camiños polos nosos montes e vieiros verdes para potenciar **Sendeirismo** e actividades deportivas neles.

#### Respecto das infraestruturas deportivas:

Estudar o **aproveitamento racional** e responsable das instalacións deportivas existentes, tanto as de titularidade pública (municipal ou autonómica –pavilóns das escolas-), como as de titularidade privada.

Avanzar na **supresión das barreiras arquitectónicas**, cognitivas e sensoriais nas instalacións deportivas. Apoiar a **Mellora das dotacións** deportivas nas parroquias. Construción dunha pista de atletismo.

#### Respecto á organización da xestión das instalacións deportivas:

Corrixir a confusión e ineficacia do actual modelo de xestión: Elaborando un **Inventario** e unha base de datos, a disposición dos usuarios, do material deportivo do que dispón o Concello, e mesmo das posibles doazóns que puidesen facer os particulares.

Promover a creación dun **Carné Deportivo** que abrangue os abonos, os permisos de acceso, os tempos de utilizacións das instalación, e os préstamos de materiais.

Establecer criterios ecolóxicos e de consumo responsable nos centros deportivos (medidas de aforro no consumo de enerxía e auga, coidado das zonas verdes, xestión dos residuos ...)

